

Bolsas de investigación CiTIUS 2020

venres, 24 xullo, 2020 - 13:07

O CiTIUS financia 7 bolsas destinadas a alumnado da USC cun alto nivel de interese en realizar no centro o seu Traballo Fin de Grao (TFG), no marco dun proxecto de investigación que contará coa supervisión dun/dunha investigador/a principal do CiTIUS.



O Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC (CiTIUS) convoca **7 novas bolsas de investigación destinadas a estudantes de grao**. As axudas, dotadas cun total de 750€, desenvolveranse durante dous meses (preferiblemente setembro e outubro de 2020), a razón de 60 horas ao mes.

Requirimentos

- Estar cursando estudos correspondentes ao último curso dos graos en Enxeñaría Informática, Física, Matemáticas ou disciplinas afíns, debendo ter superado o 70% dos créditos da titulación.
- Presentar, no momento de aceptar a bolsa, un compromiso asinado para a realización do Traballo Fin de Grao (TFG) no CiTIUS, baixo a supervisión dun/dunha investigador/a adscrito/a ao CiTIUS.
- A nota media do expediente académico debe ser igual ou superior a 7 puntos sobre base 10.
- Estar matriculado/a no curso 2020-2021 nunha titulación de grao da USC no momento de inicio da bolsa.

Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes farase a través da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, empregando o formulario de solicitude dispoñible no seguinte enderezo <https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm>, dirixido ao Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D e achegando a seguinte documentación:

- *Copia do expediente académico* do grao ou título equivalente no que consten as cualificacións obtidas e con expresión da nota media en base 10 obtida nos estudos oficiais que estea cursando a persoa solicitante.
- *Currículo vitae* da persoa solicitante.
- *Carta de motivación* coa expresión do interese na obtención da bolsa.
- *Anexo III* – Formulario Datos Persoais.

Toda a Información está dispoñible no documento oficial coa [Convocatoria Bolsas Investigación no Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes - CiTIUS](#)

O prazo de presentación de solicitudes expira o vindeiro 16 de agosto